



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

ANEXO I

INSTANCIA SOLICITUDE

ENTROIDO 2024

1.- DATOS PERSOAIS

D _____ con N.I.F. _____
domiciliado a efectos de notificación en _____
municipio de _____ provincia de _____ en representación
de _____
Tfno. _____ Email _____

2.- SOLICITUDE E OBXECTO DA DECLARACIÓN

A persoa solicitante declara baixo a súa responsabilidade:

- 1.- Que solicita a participación na concesión dunha autorización para a instalación dun servizo de bar e dun servizo de cea que constará dun cocido de Entroido nas carpa situada nas pistas de Rabazal o día 10.02.2024 e a concesión dunha autorización para a instalación dun servizo de bar para co gallo do Entroido o día 11.02.2024.
- 2.- Que se compromete a dispoñer do seguro de Responsabilidade Civil vixente no momento da actividade descrita.
- 3.- Que son certos os datos consignados neste documento.

3.- DOCUMENTACIÓN ACHEGADA

- Copia do NIF da persoa solicitante.
- Certificado da Tesourería Xeral da Seguridade Social, acreditativo de que a persoa está ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Certificados positivos da Axencia Estatal da Administración Tributaria, e da Axencia Tributaria de Galicia, acreditativos de que a persoa está ao corrente no cumprimento das obrigas impostas polas disposicións vixentes.
- Certificado de formación en hixiene alimentaria (Carné de Manipulador).

Sinatura



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

ANEXO II

OFERTA ECONÓMICA PARA A CONCESIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DUNHA BARRA DE BAR E SERVIZO DE CEA DE COCIDO DE ENTROIDO NAS PISTAS DE RABAZAL CO GALLO DO ENTROIDO 2024.

Nome e Apelidos	
Enderezo	
Localidade	Concello
DNI	Teléfono
Dirección electrónica:	

Informado/a da convocatoria para a concesión dunha autorización para a instalación dun servizo de barra de bar e servizo de cea que consistira nun cocido de Entroido, formula a seguinte oferta económica:

OFERTANTE (RAZÓN SOCIAL)

OFERTA (€)

Manifestando expresamente coñecer o contido das condicións administrativas recollidas na Resolución da Alcaldía de data 26/01/2024, cumprir as obrigas que na devandita resolución e nas bases da convocatoria se establecen e aboar o importe ofertado antes do día 06/02/2024.

Miño, ____ de ____ de 2024

Asdo. _____



BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DUNHA BARRA DE BAR E SERVIZO DE CEA QUE CONSISTIRÁ NUN COCIDO DE ENTROIDO NAS PISTAS DE RABAZAL CO GALLO DO ENTROIDO 2024

1.- As presentes bases teñen por obxecto regular a concesión dunha autorización para a instalación dunha barra de bar e servizo de unha cea consistente nun cocido de Entroido na carpa situada nas pistas de Rabazal de Miño co gallo do Entroido 2024.

2.- As persoas físicas ou xurídicas que opten á convocatoria, deberán desenvolver actividades propias do seu obxecto social ao longo de todo o ano, non restrinxíndose a súa presenza á actividade para este evento do Entroido. Para resultar adxudicatarias, as entidades deberán acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias estatais, autonómicas e co Concello de Miño así como cos pagos á Seguridade Social.

3.- A instalación da barra e o servizo de cea será por conta das persoas físicas ou xurídicas solicitantes asumindo por tanto os seus custos de aluguer, instalación, montaxe e desmante. Non poderán realizarse ancoraxes das instalacións que supoñan perforacións no chan. Deberán respectarse en todo caso, as zonas de acceso e de paso do público.

4.- Para o Entroido 2024, a montaxe das instalacións non poderá iniciarse antes do día 9 de febreiro de 2024 e o desmante non poderá iniciarse antes do día 11 de febreiro de 2024 debendo quedar finalizado o día 12 de febreiro do 2024.

5.- A barra de bar e o servizo de cea deberá manterse en perfectas condicións, con rigorosa atención ás medidas hixiénicas e de aseo persoal. Coidarase a perfecta presentación e condicións sanitarias das mercadorías.

No caso de que na barra de bar haxa venda de alimentos, deberá haber polo menos unha persoa responsable de manipulación de alimentos en posesión de certificación de formación en manipulación de alimentos, estando en todo momento con presenza física no establecemento e exhibir dita certificación en lugar visible. Os vasos, pratos, cubertos, etc., que se utilicen serán de materiais desbotables.



Os lixos serán depositados nun lugar retirado e o máis illado posible das zonas nas que se manipulen alimentos e bebidas. Dispoñerán de colectores de lixo suficientes co fin de manter en bo estado de limpeza a zona circundante á instalación.

6.- A persoal física ou xurídica titular da concesión da autorización deberá responder dos danos ao dominio público municipal posto a disposición polo Concello de Miño para o desenvolvemento destas actividades. O titular da concesión da autorización, deberá cumprir a lexislación vixente en materia laboral e de seguridade social, que serán da súa conta e sen que teña o Concello de Miño responsabilidade algunha nin nexo de unión coas persoas que atendan a concesión obxecto de esta contratación.

7.- O titular da concesión da autorización deberá expoñer o listado de artigos e prezos de venda. Ademais deberá cumprir co sinalado na Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade; no Decreto 88/2014, do 3 de xullo, polo que se regula o sistema de substitución de sancións impostas por incumprimento da Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade e establécense os criterios básicos dos programas preventivos que dela derívanse; no Decreto 126/2012, do 24 de maio, polo que se establece e regula o sistema de información sobre o consumo de bebidas alcohólicas en menores; e na Orde do 1 de marzo de 2012 pola que se regula a sinalización das limitacións no consumo, venda e subministración de bebidas alcohólicas en locais comerciais de Galicia.

8.- O titular da concesión da autorización contará con seguro de Responsabilidade Civil en vigor que cubra as posibles reclamacións derivadas da actividade desenvolta durante o Entroido 2024, incluíndo a responsabilidade derivada de produtos e intoxicación alimentaria de ser o caso, para todo o período autorizado, incluíndo como tal os períodos de montaxe, actividade e desmonte.

9.- As persoas físicas ou xurídicas interesadas en obter a concesión de autorización para a instalación dunha barra de bar e o servizo de cea de Entroido nas festas do Entroido de 2024 deberán presentar as súas solicitudes de maneira presencial no Rexistro Xeral do Concello de Miño en horario de 9:00 a 14:00 horas, ata o mércores



31 de xaneiro de 2024 acompañando a documentación que se indica no Anexo I das presentes bases.

A oferta económica partirá dun canon de 500 euros (a mellorar).

Será condición necesaria para a aceptación da solicitude a presentación da documentación do Anexo I e os mesmos se axusten aos requisitos establecidos nestas bases.

10.- O prazo para a presentación de solicitudes permanecerá aberto dende o día 29 de xaneiro ao 31 de xaneiro de 2024.

11.- Unha vez finalizado o prazo de presentación, procederase en acto público á adxudicación da autorización prevista segundo a oferta económica máis vantaxosa presentada.

12.- Quen non obteña a autorización pasará a integrar unha lista de agarda, por orde decrecente da oferta económica presentada, para os efectos de chamamento para a suplencia, no suposto de que a persoa autorizada renuncie ao seu dereito con anterioridade á data do evento ou por causas de revogación.

13.- Unha vez concedida a autorización, deberase aboar o canon proposto antes do 6 de febreiro do 2024, en calquera dos seguintes números de conta:

ABANCA - ES63 - 2080 - 0087 - 72 - 3110000015

BBVA - ES84 - 0182 - 4300 - 74 - 0000000041

SANTANDER - ES41 - 0049 - 2950 - 38 - 1010038930

LA CAIXA - ES06 - 2100 - 6309 - 98 - 0200000446

14.- Será causa de revogación automática, sen necesidade de previo requirimento, da autorización a falta de ingreso do canón ofertado, no prazo sinalado no apartado anterior.



Concello de Miño

Exp.: 2024/X999/000020

15.- A autorización para a instalación da barra de bar será para o día 10 de febreiro de 2024 en horario de 20:00 h a 02:30 h e para o día 11 de febreiro de 2024 en horario de 16:00h a 21:00h.

16.- Das presentes bases publicarase un anuncio no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Miño e no Taboleiro de anuncios do Concello de Miño.

En Miño, na data que figura na marxe

Miño, na data da sinatura electrónica.
A alcaldesa en funcións
(R.A. 1192/2023 de 04.12.2023)

María Catalina Morado Fariña